

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O VINTE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO (11/2024)**

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas do día vinte de setembro de dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros/as do PP: D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Grueiro Filgueiras e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora. Como queda dito, non asiste D. Andrés Feal Varela. Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 19 de xullo de 2024
- 2.- Aprobación da acta da sesión do día 11 de setembro de 2024
- 3.- Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 269/2024, de 12 de setembro, pola que se aproban as Liñas Fundamentais do Orzamento de 2025 (Expediente Tedec núm. 2024/G003/000275)
- 4.- Dar conta do Informe da Secretaría-Intervención sobre o período medio de pagamento a provedores do 2º trimestre de 2024
- 5.- Dar conta do informe da Secretaría-Intervención sobre as obrigas trimestrais de subministración de información, execución orzamentaria e avance da liquidación correspondente ao 2º trimestre de 2024
- 6.- Moción do Grupo Municipal de Psdeg-Psoe, en Relación á suba do canón que os Concellos aboan a Sogama pola xestión dos seus residuos
- 7.- Moción do concelleiro do Bng para o rexeitamento da subida do canon de Sogama e por un novo modelo de xestión de residuos
- 8.- Moción do Grupo Municipal Popular do Concello de Monfero en relación a Sogama
- 9.- Moción do Grupo Popular en defensa dun sistema de financiación xusto e Solidario entre as Comunidades e cidades Autónomas
- 10.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía dos meses de xullo e agosto últimos
- 11.- Asuntos urxentes
- 12.- Rogos e preguntas

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 19 DE XULLO DE 2024**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se a viron todos, se están todos de acordo. Como está acordado, a dita acta publicouse con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. Algúns das/dos Concelleiros presentes expresan a súa conformidade. O Sr. Alcalde en funcións indica que a vai someter a votación de todas maneiras. Vótase. O resultado é que votan a favor da aprobación todos os asistentes. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a acta da sesión do día 19 de xullo de 2024 é aprobada por unanimidade.

## **2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2024**

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se a viron todos. Como está acordado, a dita acta publicouse con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. Algúns das/dos Concelleiros presentes expresan a súa conformidade. O Sr. Alcalde en funcións indica que a vai someter a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor da aprobación todos os asistentes. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a acta da sesión do día 11 de setembro de 2024 é aprobada por unanimidade.

## **3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 269/2024, DE 12 DE SETEMBRO, POLA QUE SE APROBAN AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO DE 2025 (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2024/G003/000275)**

O Sr. Alcalde en funcións le o título deste punto da orde do día e manifesta que cre que o teñen todos. Pregunta se hai intervencións, non se produce ningunha e declara que o pleno queda enterado.

A Resolución da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2025

EXPEDIENTE: 2024/G003/000275

ANTECEDENTES:

O artigo 27.2 da Lei 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece a obriga das corporacións locais de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda (MEF), ante do 1 de outubro de cada ano, información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus orzamentos.

En desenvolvemento deste precepto, o artigo 13 da vixente Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas en dita lei, nomeado “Obrigas anuais de subministración de información”, determina que, con carácter anual, remitiranse, antes do quince de setembro, as liñas fundamentais dos orzamentos para o exercicio

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

seguinte, contendo a información necesaria conforme a normativa europea e, polo menos, a que se relaciona no devandito artigo.

O Ministerio de Facenda, na páxina da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, abriu hai pouco a aplicación para o envío dos datos correspondentes ás liñas fundamentais do orzamento de 2025, de acordo coa nomeada Orde HAP/2105/2012, con prazo de envío ata o 14-09-2024, e ademais publicou nela unhas instrucións para a información a comunicar en cumprimento da dita orde sobre as liñas fundamentais do orzamento, cos requirimentos de información que nela se establecen e que obriga á adopción de decisións ao respecto.

*Nestas instrucións especifícase que “as regras fiscais aplicables ás Administracións Públicas españolas quedan reactivadas a partir do exercicio 2024, quedando estas obrigadas ao seu cumprimento” e que “para o subsector das Corporacións fíxanse os obxectivos de superávit do 0,2%, 0,1% e 0,2% do PIB, para os exercicios 2024, 2025 e 2026, respectivamente, de débeda do 1,4%, 1,3% e 1,3% do PIB para os mesmos exercicios e a aplicación da taxa de referencia de crecemento do PIB de 2,6%, 2,7% e 2,8% para a regra do gasto nos exercicios 2024, 2025 e 2026, respectivamente”, o que “deu lugar a recuperar nas Liñas Fundamentais dos Orzamentos 2025 a valoración relativa ao cumprimento da regra de gasto nos formularios F.2.3 (modelo ordinario) e F.2 (modelo simplificado).*

*Estas taxas, conforme ao disposto no artigo 12.3 da LOEPSF, foron establecidas polo Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no informe de situación da economía española que acompañou á proposta de obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública comunicada á CNAL o pasado 11 de decembro de 2023. Segundo o informe dos Servizos Xurídicos do Estado ao que se fixo referencia anteriormente, a regra de gasto aplícase de forma automática, sen necesidade de que forme parte do acordo de establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas.*

*Resulta de aplicación o disposto no artigo 12.2, 3 e 4 da LOEPSF para a determinación da regra de gasto en 2024, necesaria para a elaboración dos orzamentos das entidades locais e que deberá respectarse na liquidación ao peche do exercicio.*

*A regra de gasto en 2024 do 2,6% aplícase sobre o gasto computable da liquidación orzamentaria de 2023.”*

En virtude desta obriga, procédese á elaboración das Liñas Fundamentais do Orzamento do exercicio de 2025, de acordo co Plan Orzamentario a Medio Prazo para o período 2025-2027, aprobado por decreto da Alcaldía núm. 80/2024, de data 14 de marzo de 2024, do que se deu conta expresamente ao Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 21 de xuño de 2024, que a súa vez baséase no anteproxecto de Orzamento do Concello para o 2024, por importe de 2.446.000,00€, que, como o dito plan, consta asinado dixitalmente pola Alcaldía no expediente electrónico de Tedec 2024/X998/000022, e no que se especifican os cálculos realizados, aos que me remito porque non varían e que non se volven a explicar nesta resolución para non repetir información de forma innecesaria.

Pola súa banda, a estimación de dereitos e obrigas recoñecidas netas de 2024 calcúlase da mesma maneira que cando se realizou o envío á “Oficina Virtual das Entidades Locais”, <https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/Trimestrales/>, da información trimestral da execución

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

orxamentaria e avance da liquidación correspondente ao segundo trimestre de 2024, mais actualizada e á que tamén me remito.

Os axustes para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orxamentaria para o exercicio 2024 estímense unicamente pola media na liquidación dos exercicios 2021 a 2023 dos pagamentos pendentes de aplicación. Non se considera ningún axuste por devindicacións nin grao de execución do gasto pola case coincidencia nos últimos exercicios dos dereitos e obrigas recoñecidas coa recadación e pagamentos, nin ningún outro. Nin tampouco para o 2025 neste momento ante a imposibilidade de realizar agora previsións cun mínimo de rigor.

As cifras obtidas segundo o exposto refírense ao correspondente exercicio corrente e, considerando que a execución será similar no 2025 que a estimada para o 2024, cumpren co principio de estabilidade orxamentaria, no sentido de que non ofrecen déficit, con capacidade de financiamento, coa regra do gasto e co obxectivo de débeda, con aforro neto positivo e con cumprimento da porcentaxe de débeda viva sobre os ingresos correntes liquidados.

Á vista do exposto anteriormente e considerando que, segundo o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponden á Alcaldía as competencias asignadas polas leis ao municipio que non atribúan a outros órganos locais, como neste caso, e que, polo tanto, me corresponde a adopción do presente acordo:

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a estimación de dereitos e obrigas a recoñecer e de previsión de débeda para o exercicio de 2024 que figura no cadro seguinte:

INGRESOS / GASTOS	ANO 2024 (En euros)
<b>INGRESOS</b>	<b>3.407.227,16</b>
Correntes	2.209.539,21
Capital	1.197.687,95
Financeiros	
<b>GASTOS</b>	<b>3.330.593,82</b>
Correntes	2.050.768,91
Capital	1.235.084,13
Financeiros	44.740,78
Saldo operacións non financeiras	121.374,12
Axustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiamento en termos SEC95	-11.024,44
<b>Capacidade ou necesidade de financiamento</b>	<b>110.349,68</b>

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Débeda viva 31/12	710.144,67
A curto prazo	0,00
A longo prazo	710.144,67
Ratio Débeda viva/ Ingresos correntes	0,32

SEGUNDO.- Aprobar o resumo económico da estimación das liñas fundamentais do orzamento de 2025, en termos de previsións e créditos iniciais, que figura no seguinte cadro:

ORZAMENTO 2025	
<b>INGRESOS</b>	<b>2.494.920,00</b>
CORRENTES	2.098.863,89
DE CAPITAL	396.056,11
FINANCEIROS	
<b>GASTOS</b>	<b>2.494.920,00</b>
CORRENTES	2.052.085,30
DE CAPITAL	442.834,70
FINANCEIROS	

TERCEIRO.- Que o Secretario-Interventor do Concello comunique os devanditos datos ao MINF, por medios electrónicos, a través do sistema informático habilitado para o efecto e coa súa firma electrónica, para dar cumprimento ao prazo establecido.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución na primeira sesión ordinaria que celebre.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo Sr. alcalde en funcións (Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde en funcións  
Alberto Cortizas Rejo

O Secretario  
Baldomero Beceiro Alonso

#### 4.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEDORES DO 2º TRIMESTRE DE 2024

O Sr. Alcalde en funcións le o título do punto da orde do día e manifesta que, como poden ver, o período medio de pagamento trimestral é de 31,02 días, resalta que é un punto por encima do que correspondería, que serían 30, debido a que houbo una funcionaria de vacacións e tamén estivo de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

baixa. Pregunta se hai intervencións, non se produce ningunha e declara que o pleno queda enterado.

O informe da Secretaría-Intervención ao que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

## “INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN RELATIVO AO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO A PROVEEDORES DO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2024

Baldomero Beceiro Alonso, Secretario-Interventor do Concello de Monfero, A Coruña

INFORMA:

De conformidade co disposto polo artigo 4.1 b) da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na Disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, pola que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, comunicáronse ao Ministerio de Facenda, dentro do prazo establecido, os datos relativos ao PERIODO MEDIO DE PAGAMENTO GLOBAL A PROVEEDORES do segundo trimestre do exercicio de 2024, segundo os datos obtidos da contabilidade municipal e Rexistro de facturas da aplicación Sicalwin, que se indican deseguido:

### PMP TRIMESTRAL

RATIO OPERACIÓNS PAGADAS	IMPORTE DOS PAGAMENTOS REALIZADOS	RATIO DE OPERACIÓNS PENDENTES DE PAGAMENTO	IMPORTE DOS PAGAMENTOS PENDIENTES	PERIODO MEDIO DE PAGAMENTO TRIMESTRAL
33,07	276.920,54	27,01	141.634,61	31,02

Infórmase de que o período medio de pagamento desta entidade correspondente ao 2º trimestre de 2024 supera o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pagamento a provedores, que actualmente é de 30 días, polas consecuencias que disto se derivan e para que se adopten as medidas necesarias que permitan a súa redución e volta a unha situación de cumprimento.

Segundo o artigo 13.6 da Lei 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira:

*“As Administracións Públicas deberán publicar o seu período medio de pagamento a provedores e dispoñer dun plan de tesourería que incluírá, polo menos, información relativa á previsión de pagamento a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

*normativa sobre morosidade. As Administracións Públicas velarán pola adecuación do seu ritmo de asunción de compromisos de gasto á execución do plan de tesourería.*

*Cando o período medio de pagamento dunha Administración Pública, de acordo cos datos publicados, supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, a Administración deberá incluír, na actualización do seu plan de tesourería inmediatamente posterior á mencionada publicación, como parte do devandito plan o seguinte:*

*a) O importe dos recursos que vai dedicar mensualmente ao pagamento a provedores para poder reducir o seu período medio de pagamento ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.*

*b) O compromiso de adoptar as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobranzas e pagos, que lle permita xerar a tesourería necesaria para a redución do seu período medio de pago a provedores ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.”*

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina dixitalmente, no entanto, a Corporación, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

O Secretario-Interventor  
Baldomero Beceiro Alonso”

## **5.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE AS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN, EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E AVANCE DA LIQUIDACIÓN CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2024**

O Sr. Alcalde en funcións le o título deste punto da orde do día e manifesta que tamén o teñen todos.

Pregunta se hai intervencións, non se produce ningunha e declara que o pleno queda enterado.

O informe da Secretaría-Intervención ao que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

### “INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE

O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEOSF, DESENVOLVIDA POLA ORDE HAP/2105/2012, EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E AVANCE DA LIQUIDACIÓN, correspondente ao SEGUNDO trimestre de 2024.

#### I. Normativa aplicable

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante RDL 2/2004).
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.

- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOEOSF).
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2105/2012).
- Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2082/2014).
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, que desenvolvía a Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria (en adiante RD 1463/2007).

## II. Antecedentes de feito

A LOEOSF regula o principio de transparencia como base do funcionamento das Administracións Públicas, e para iso resulta clave a rendición de contas e o control da xestión pública para contribuír a xerar confianza no correcto funcionamento do sector público.

A importancia deste principio leva ao lexislador a establecer no [artigo 6 da LOEPSF](#), a obriga das Administracións Públicas de subministrar toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da devandita Lei, e das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento, e garantir a coherencia das normas e procedementos contables, así coma a integridade dos sistemas de recompilación e tratamento dos datos.

O desenvolvemento regulamentario ao que se refire o antedito artigo da LOEOSF, foi realizado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, e en concreto, as obrigas trimestrais de subministración de información, recóllense no seu artigo 16.

A Orde HAP/2082/2014 modificou a orde HAP/2105/2012, excluindo as corporacións locais de poboación non superior a 5.000 habitantes do cumprimento das obrigas as que se refire o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, no que se refire aos primeiros tres trimestres de cada ano, agás a información mencionada nos parágrafos 7 e 8 do indicado artigo 16, e dicir a actualización do plan de tesourería e o detalle das operacións de débeda viva, e a información relativa ao período medio de pago a provedores.

Os artigos 14 e 16 da Orde HAP/2105/2012, sobre obrigas mensuais e trimestrais de subministración de información das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade coa disposición transitoria única da devandita orde; e a Orde HAP/2105/2012 entrou en vigor o 9 de novembro de 2014

O artigo 4 da Orde HAP 2105/2012, impón a centralización do cumprimento da obriga de remisión e recepción de información “*Nas Corporacións Locais, a intervención ou unidade que exerza as súas funcións.*”



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Por tódolos feitos e fundamentos de dereito descritos emítese o seguinte

## III. INFORME

### **PRIMEIRO.- Cumprimento da obriga de remisión de información**

De conformidade co regulado no artigo 4 da LOEOSF, e o desenvolvemento dela realizado pola Orde HAP/2105/2012, e en concreto co contido dos seus artigos 4 e 16, este Secretario-interventor cumpriu coa súa obriga de subministración da información trimestral correspondente ao segundo trimestre de 2024 en tempo e forma.

A xustificación do envío realizado consta na aplicación.

### **SEGUNDO.- Xustificación do informe e do seu coñecemento polo Pleno.**

Tras subministrar a información requirida, correspondente ao segundo trimestre de 2024, esta Intervención, por aplicación do principio xeral do artigo 207 do RDL 2/2004, de acordo co artigo 16.2 do RD 1463/2007 e segundo os formularios, que dispoñen que o Pleno da Corporación deberá ter coñecemento do informe de avaliación, elabora o presente informe, que resume os cálculos, previsións e información que se subministrou, que serán oportunamente explicados con máis detalle de ser necesario, para dar conta del ao Pleno da Corporación.

O capítulo IV da LOEOSF regula as medidas preventivas, correctivas e coercitivas que o Goberno, a proposta do Ministerio, podería impoñer ás entidades locais cando se apreciase un risco de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto ao peche do exercicio, e as limitacións orzamentarias futuras que iso xeraría.

Por todo isto, dáse traslado do presente informe á Alcaldía, para que proceda a súa elevación ao pleno da Corporación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

### **TERCEIRO.- Baseamento das estimacións realizadas.**

Para estimar os dereitos recoñecidos (RDs) e as obrigas liquidadas e recoñecidas (ADOs) a 31 de decembro de 2024, pártese fundamentalmente do anteproxecto de Orzamento do Concello para o 2024, por importe de 2.446.000,00€, que consta asinado dixitalmente pola Alcaldía no expediente electrónico de Tedec 2024/X998/000022 e calcúlanse da seguinte maneira:

Para efectuar as previsións en materia de ingresos, as estimacións de RDs dos capítulos (C) 1 e 2 son exactamente polos mesmos importes que as previsións iniciais (PIs) do anteproxecto de Orzamento do Concello para o 2024 citado, calculados na forma que se reflicte na memoria explicativa da Alcaldía do citado anteproxecto de Orzamento (MAO24), que tamén consta asinada dixitalmente por esta Alcaldía no expediente electrónico de Tedec 2024/X998/000022. No C3, sobre as PIs, estimadas na forma indicada na MAO24, aplícase unha porcentaxe do 79.91%, que é a mesma que tiveron os RDs con respecto ás PIs en 2023, súmanselle as ditas PIs e o resultado divídese entre dous para aproximalo o máximo posible á realidade prevista. No C 4, prevense os mesmos RDs que en 2023, incrementados nun 2%, conforme á tendencia dos últimos anos, e engádeselle o importe da subvención do Obradoiro de emprego realizado no 2022 e 2023, correspondente a 2023, que xa se percibiu no 2º trimestre do exercicio de 2024. Nos C5, C8 e C9 non se prevén ingresos. E No C 7, a previsión é de que, se executen e se perciban os ingresos do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

100% das obras adxudicadas pendentes de realizar: o POS+ 2022, POS+ Adicional 2A/2022, POS+ 2023, POS+ Adicional 2A/2023, a anualidade prevista para o 2024 do PMCTM Agader 2023-2024, o importe do FCL Adicional do 2023, así como a anualidade de 2024 das subvencións plurianuais 2023-2024 para mellora de instalacións deportivas e o importe de 44.740,78€ do POS+ Adicional 3/2024 para a redución da débeda que o Concello ten coa propia Deputación Provincial. E o 80% correspondente ás obras do POS+ Adicional 2B/2023, POS+ 2024, a anualidade prevista para o 2024 do PMCTM Agader 2024-2025 e as do FCA de 2024, estimadas en 33.000,00€, que aínda non foran adxudicadas no primeiro semestre de 2024.

Canto aos gastos, os ADOs do C1 estímense descontando aos ADOs de 2023 deste C os gastos do obradoiro de emprego, que se executou no dito exercicio, e os financiados con RTGX, e aplicándolle ao resultado un incremento do 2,5%. Os do C2 igual, descontando tamén os do obradoiro de emprego e os financiados con RTGX atípicos ou que se considera que non se van volver realizar no 2024, que constan na táboa cos cálculos realizados como documento anexo a este expediente electrónico (2024/X999/000050) asinado dixitalmente pola secretaría-intervención, e aplicándolle ao resultado un incremento do 2,5%, para rematar o cálculo engadíndolle a estimación prevista de execución (80%) dos créditos creados mediante o expediente de modificación de créditos núm. 4/2024. No C 3, a previsión é a mesma que a que tiveron os ADOs no 2023. No C 4 pártese das consignacións iniciais (CIs) estimadas para o 2024, explicadas na MAO-24, e a previsión de ADOs é o resultado de aplicar ás ditas CIs a porcentaxe que tiveron os ADOs con respecto ás CIs no 2023 (70,11%) e engadíndolle tamén finalmente a porcentaxe de execución prevista dos créditos deste capítulo creados co expediente de modificación de créditos 4/2024. No C 6, coma nos ingresos por transferencias de capital que os financian, se é o caso, a estimación é de que se executen e se recoñezan as obrigas correspondentes ao 100% das obras adxudicadas pendentes de realizar: o POS+ 2022, POS+ Adicional 2A/2022, POS+ 2023, POS+ Adicional 2A/2023, a anualidade prevista para o 2024 do PMCTM Agader 2023-2024 e a anualidade de 2024 das subvencións plurianuais 2023-2024 para mellora de instalacións deportivas. E o 85% das obras do POS+ Adicional 2B/2023, POS+ 2024, estimadas en 215.000,00€, a anualidade prevista para o 2024 do PMCTM Agader 2024-2025 e as do FCA de 2024, estimadas en 33.000,00€, que aínda non estaban adxudicadas. Por último, tamén se lle suma un 85% dos créditos creados neste C co expediente de modificación de créditos núm. 4/2024. No C7 a estimación de ADOs é do mesmo importe que estes tiveron no 2023. No C9 prevese o pagamento do importe de 44.740,78€ do POS+ Adicional 3/2024 para a redución da débeda que o Concello ten coa propia Deputación Provincial.

Os axustes para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade ao remate do 2024, estímense pola media, na liquidación dos exercicio 2021 a 2023, dos pagamentos pendentes de aplicación.

## **CUARTO.- Contido da información**

A información correspondente ao segundo trimestre do 2024, reflíctese nos formularios que deseñou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais para dar cumprimento á obriga de remisión de acordo co que sinala o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, para concellos de menos de 5000 habitantes, e incorpórase cumprimentando os formularios correspondentes a través da Oficina Virtual.

### **Ditos formularios relaciónanse deseguido:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## F.1 Comunicación trimestral de datos individualizados por Entidades

---

### F.0 Datos de control

F.0.2 Observación da Intervención

---

### Datos orzamento actualizado e execución

---

F.1.1.9.M Calendario e orzamento de tesourería

---

F.1.1.13 Débeda viva e vencemento mensual previsto no próximo trimestre

---

F.1.1.14 Perfil do vencemento da débeda nos próximos 10 anos

---

## F.3 Informe de Avaliación grupo Administracións Públicas

---

3.4 Informe do nivel de débeda viva ao final do período actualizado

---

### F.4.0 Peche do informe de avaliación e sinatura

---

---

O resumo das previsións é o seguinte:

CONCEPTOS	Acumulado segundo trimestre	Exercicio
Fondos líquidos ao inicio do exercicio	481.540,08	481.540,08
Cobros orzamentarios	1.373.499,75	3.410.625,70
Cobros non orzamentarios	55.019,49	120.000,00
Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0.00	0.00
Pagamentos orzamentarios	1.183.121,73	3.320.379,86
Pagamentos non orzamentarios	59.450,04	120.000,00
Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva	15.413,72	0.00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Fondos líquidos ao rematar o período	652.073,83	571.785,92
--------------------------------------	------------	------------

Débeda viva prevista final período e exercicio	
Débeda viva final período segundo o Protocolo de déficit excesivo (PDE) (que exclúe a que está en poder doutras administracións)	0,00
Para os efectos do réxime de autorizacións (inclúe con AAPP, Deputación...)	754.885,45

O resultado da avaliación realizada do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria é a seguinte:

Resultado avaliación estabilidade orzamentaria ao remate de 2024	
Diferenza entre ingresos e gastos non financeiros	90.245,84
Axustes	-11.024,44
Previsión: Capacidade de financiamento	79.221,40

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina, no entanto, a Corporación, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

Monfero, na data da sinatura dixital

O Secretario-interventor  
Baldomero Beceiro Alonso”

### **6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE PSDEG-PSOE, EN RELACIÓN Á SUBA DO CANÓN QUE OS CONCELLOS ABOAN A SOGAMA POLA XESTIÓN DOS SEUS RESIDUOS**

O Sr. Alcalde en funcións le o punto da orde do día e a moción do Grupo Político Municipal do Partido Socialista en relación coa subida do canon que os concellos abonan a Sogama á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e que se transcribe textualmente a continuación:

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



Grupo Municipal  
Socialista De  
Monfero

## MOCIÓN

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación no Pleno do Concello de Monfero a seguinte proposición en relación á a suba do cánon que os Concellos abonan a SOGAMA pola xestión dos seus residuos.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros así coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.

Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.

Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas da súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

No pasado mes de Xuño de 2024 SOGAMA anunciou a eliminación desta bonificación do canon para os meses que quedan de 2024.

A consecuencia disto dende o mes de Xullo a taxa de SOGAMA aos Concellos quedou fixada en **66 euros por tonelada** suprimindo ademais a rebaixa do 15 % da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón.

Esta cantidade de 66 € calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano.

A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



Grupo Municipal  
Socialista De  
Monfero

## MOCIÓN

Neste momento o goberno galego está a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 €, o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e en consecuencia tamén no recibo da veciñanza.

O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na Lei 7/22, de 8 de abril, de *Residuos y suelos contaminados* que provoca uns sobrecostos imposibles de asumir, botando a culpa disto ao goberno de España.

A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europea do ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).

Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por non ter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.

Pero a pesar desta carga impositiva ( cuxa recadación está transferida á Xunta de Galicia) nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.

A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.

Dende o grupo municipal socialista denunciemos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.

E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



Grupo Municipal  
Socialista De  
Monfero

## MOCIÓN

supresión do 15% da bonificación do canon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levar a cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.

Dende o grupo socialista mostramos a nosa oposición a esta decisión por entender que existen outros mecanismos que evitarían os sobrecostos que unha xestión obsoleta está a producir e a vía para asumilos non pode ser repercutilos na cidadanía.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Monfero presenta a seguinte:

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

#### A Corporación Municipal de Monfero insta

1. Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.
2. Manter a anterior bonificación do 15 % deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.
3. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.
- 4-. Que achegue a SOGAMA a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos para implementar bonificacións no canon dos



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



Grupo Municipal  
Socialista De  
Monfero

## MOCIÓN

concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser:

4.a. Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros.

4.b. Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.

4.c. Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.

5. Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.

6. Que se constituía unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.

7. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade.

En Monfero, a 5 de setembro de 2024

Asinado: .....

Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista de Monfero

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

PSG  
PSOE



Grupo Municipal  
Socialista De  
Monfero

## MOCIÓN

**SR/SRA. ALCALDE-PRESIDENTE/ALCALDESA-PRESIDENTA DO  
EXCMO CONCELLO DE MONFERO**

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

A continuación o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai intervencións.

Intervén a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Belén Salido Maroño, quen manifesta que o seu grupo vai votar en contra porque non están de acordo coa moción, que de feito eles teñen outra que aparece no punto oito. Que simplemente dicir que escoitar ao PSOE de Monfero falar de cuestións medioambientais despois de todo o que pasou co punto limpo é algo que da un pouco de risa.

A continuación intervén o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, quen manifesta que se vai abster na votación polo punto catro senón o retiran ou o corrixen porque están incorrendo nunha ilegalidade aí, no tema de que é a Xunta de Galicia a que ten que pagar, que non é Sogama, que é a titular de Sogama.

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que retiran o punto cuarto da moción.

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde en funcións procede á votación. Vótase. O resultado é o seguinte: 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate, procedese a votar novamente, co mesmo resultado. Deseguido o Sr. Alcalde en funcións proclama que queda aprobada co voto de calidade do Alcalde .

## **7.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO BNG PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS**

O Sr. Alcalde en funcións le o punto da orde do día.

A moción do Sr. Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego para o rexeitamento da subida do canon de Sogama e por un novo modelo de xestión de residuos á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión á Sra. Voceira do Grupo Popular, dáse por lida e transcríbese textualmente a continuación:

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



## **MOCIÓN PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS**

Don Manuel García Deive Portavoz do Grupo Municipal do BNG no concello de Monfero, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da corporación municipal a seguinte **MOCIÓN**:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros e a incineración e coincineración de residuos, artículase como un tributo de carácter indirecto que recae sobre os residuos que se tratan mediante estas operacións de xestión, e xa está vixente en varias Comunidades Autónomas desde hai anos.

Configúrase como imposto estatal aplicable en todo o estado español, estando prevista a cesión do mesmo ás Comunidades Autónomas mediante a adopción dos correspondentes acordos nos marcos institucionais de cooperación en materia de financiamento autonómico establecidos no ordenamento xurídico.

Así mesmo, a cesión da recadación deste imposto, pode permitir ás Comunidades Autónomas, -no exercicio da súa autonomía financeira-, incrementar o financiamento destinado a medidas de mellora da xestión de residuos que reforcen as opcións prioritarias fronte ás menos sostibles.

A través da Lei 36/2022, do 27 de decembro, pola que se modificou a Lei do Réxime de Cesión de Tributos do Estado a Galiza, materializouse a cesión do referido Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos. Como consecuencia, na Galiza tense previsto ingresar en 2024 a cantidade de 12.150.039 de euros.

Conforme ao establecido no punto 1 do artigo 59 da Lei9/2023, do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais Galegos para o ano 2024, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da administración xeral, quedou establecida no 2,3200880% para o exercicio de 2024, sumando un total de 152.278.957 de euros.

A Comunidade Autónoma de Galiza detraeu desta participación dos concellos galegos, entre outros, 12,1 millóns de euros para a creación do Fondo Ambiental, que supostamente é a achega que realiza a Xunta de Galicia para minorar o canon por incineración e vertedoiro. **Mais a realidade é que esta achega é realizada polos propios concellos ao ser detraída do seu sistema de financiamento.**

Este ano produciuse unha situación excepcional, derivada de que a Consellería de Medio Ambiente non determinou nos orzamentos 2024 o prezo por Tonelada a aboar polas entidades locais, e non publicou a resolución anual pola que se aproba a proposta de revisión do canon unitario que percibirá SOGAMA pola xestión de residuos domésticos ou urbanos no ano 2024. Agora, xa máis de mediado o ano 2024, SOGAMA propón fixar



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



un canon medio de 78 euros por tonelada (68,05 euros de xaneiro a xuño e 88,05 euros de xullo a decembro).

SOGAMA, a través dun escrito remitido á Fegamp, e nunha información elevada a todos os concellos, anunciou que a Xunta de Galiza achegará 9 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local adicional, co fin de minimizar o impacto da medida sobre as entidades locais, polo que o canon final sería de 66€/Tonelada de media anual.

A Fegamp, como entidade asociativa máis representativa das entidades locais, formulou alegacións manifestando a súa oposición á suba do canon.

Resulta paradoxal que, sendo o Goberno do PP no seu día o que preveu, coa creación de SOGAMA, unha xerarquización nas opcións de tratamento dos residuos, que preferiu optar pola incineración con recuperación de enerxía e non incluíndo o tratamento da compostaxe (que se considerou coma unha forma de valoración alternativa a pesar da oposición de moitas entidades locais), sexa agora o que se beneficie dos ingresos do imposto que penaliza esta opción.

O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.

Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello, O Grupo Municipal do BNG propón ao resto da corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

## 1. Instar á Xunta de Galiza a:

a) O reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional. Utilizando como criterio de reparto o do número de toneladas depositadas por cada concello. Pois trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraída do FCL.

b) A achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 de euros, para implementar bonificacións no Canon dos concellos, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.

c) A creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano - e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto con lector, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliar e comunitaria.

En Monfero a 11 de setembro de 2024

**Ado. Don/Dona Manuel García Deive, Portavoz do Grupo Municipal do BNG**

## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

A continuación o Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai intervencións. Non se produce ningunha. Procédese á votación. O resultado é o seguinte: 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate, procedese a votar novamente, co mesmo resultado. Deseguido o Sr. Alcalde en funcións proclama que queda aprobada co voto de calidade do Alcalde.

### **8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE MONFERO EN RELACIÓN A SOGAMA**

O Sr. Alcalde en funcións le o punto da orde do día.

A moción do Grupo Político Municipal do Partido Popular en relación a Sogama á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión ao Sr. Concelleiro do BNG e que se da por lida, transcríbese textualmente a continuación:



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE MONFERO EN RELACIÓN A SOGAMA

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados deste ano, a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) procedeu a actualizar o canon de 2024 tralas medidas aplicadas polo Estado no marco da *Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular*, como, por exemplo, os impostos ao vertido e á incineración. Uns tributos que representaron o pasado ano unha contía de 9,1 millóns de euros que a empresa pública soportou cos seus propios recursos, apoiando aos concellos para non gravar as arcas municipais.

Ademais, a través dunha orde ministerial, publicada a mediados de 2023, o Goberno central suprimiu a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, comprometida ata o ano 2026, momento no que finalizaría a súa vida útil, e diminuíu a retribución á explotación da planta de coxeración, ademais de recuperar o imposto eléctrico do 7%.

Durante o período de exposición da lei estatal de residuos de 2022, a Xunta de Galicia presentou alegacións á implantación dos novos impostos, ao tempo que pediu á Fegamp que as secundara, facendo esta oídos xordos á solicitude trasladada polo Goberno autonómico.

Se ben o Estado e o propio partido socialista escúdanse no argumento de que a aplicación dos impostos ao vertido e á incineración obedece á transposición dunha Directiva europea, o certo é que, na actualidade, a práctica totalidade dos países europeos non instauraron estes tributos.

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



De cara a 2025, procedeuse ao anuncio de que Sogama prevé establecer unha nova actualización do canon, dada a intención do Estado de dar continuidade a estas medidas. Isto suporía que, dunha media de 66 euros/tonelada que os concellos abonan este ano, grazas á aportación da Xunta, a través dun Fondo de Cooperación Local (FCL) adicional de 12 euros/tonelada (do contrario, serían 78 euros/tonelada), o canon de próximo exercicio ascendería a 108 euros/tonelada.

Por todo isto, **o grupo municipal do PP presenta as seguintes propostas de acordo:**

- 1.- Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.
- 2.- Esixir ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ato o final da súa vida útil (2026).
- 3.- Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025.

Monfero, 6 de setembro de 2024



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai intervencións.

Intervén o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, quen manifesta que vai votar en contra polo tema que se explicou antes de que a contabilidade da Xunta total e a Xunta por culpa de estar queimando uns residuos, para darlle beneficio a unha empresa privada aínda encima, a Naturgy, que é a que está producindo enerxía a través da queima dos residuos, que non é unha obriga do Goberno Central, senón da Comunidade Económica Europea, que non é botarlle a culpa ao Goberno Central cando non a ten, que cando a ten hai que botárllela, evidentemente.

Pola súa banda, o Sr. Alcalde en funcións manifesta que a súa postura tamén vai ser en contra por máis ou menos o que acaba de expoñerse.

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde en funcións procede á votación. Vótase. O resultado é o seguinte: 4 votos a favor (PP), 4 votos en contra (PSOE e BNG) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate, procedese a votar novamente, co mesmo resultado. Deseguido o Sr. Alcalde en funcións proclama que queda rexeitada co voto de calidade do Alcalde.

### **9.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR EN DEFENSA DUN SISTEMA DE FINANCIAMENTO XUSTO E SOLIDARIO ENTRE AS COMUNIDADES E CIDADES AUTÓNOMAS**

O Sr. Alcalde en funcións le o punto da orde do día.

A moción do Grupo Político Municipal do Partido Popular en defensa dun sistema de financiamento xusto e solidario entres as comunidades autónomas e cidades autónomas á que se refire este punto da orde do día, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria da sesión ao Sr. Concelleiro do BNG e que se da por lida, transcríbese textualmente a continuación:

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



## MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO POPULAR EN DEFENSA DE UN SISTEMA DE FINANCIACIÓN JUSTO Y SOLIDARIO ENTRE LAS COMUNIDADES Y CIUDADES AUTÓNOMAS

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Monfero, conforme a lo previsto en el Reglamento e Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desea elevar al Pleno Municipal la Siguiente Propuesta de Moción

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España y su modelo territorial se encuentran en una encrucijada crítica. El Gobierno ha instaurado una forma de hacer política que ha desplazado el interés general y el bien común, centrando su atención únicamente en las ambiciones políticas personales del actual presidente. Como consecuencia de ello, **los españoles padecemos decisiones políticas arbitrarias que dañan nuestro Estado de Derecho y nuestro Estado de Bienestar.**

La colección de cesiones ya asumidas por el presidente del Gobierno para asegurar su continuidad en la Moncloa ha provocado un deterioro sin precedentes de la salud de nuestro Estado de Derecho. Hoy, a todas ellas se suman las pactadas entre el PSOE y ERC para asegurarse una investidura en Cataluña y una prórroga de la investidura nacional pactada hace menos de un año. Entre ellas, **el peaje separatista que supondría la quiebra del derecho que tenemos todos los españoles a acceder en las mismas condiciones a servicios públicos como la Sanidad, la Educación o la Dependencia**, así como una ruptura del sistema de financiación autonómica sin diálogo, consenso, ni ningún estudio técnico que lo avale.

A la colonización y degradación de las instituciones, se suma el control de los recursos de todos a conveniencia de sus necesidades personales. Con ello, se consume la quiebra de uno de los valores democráticos más esenciales que protege nuestra Constitución: la igualdad. Desde el punto de vista territorial, por cuanto se desequilibra el sistema en la prestación de servicios públicos, y también desde el punto de vista social, pues los mayores perjudicados serán los ciudadanos que más necesitan esos servicios.

El Estado es responsable de la gestión adecuada de los recursos públicos, así como de su redistribución para garantizar la igualdad de oportunidades de todos los



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



españoles al margen de su situación económica. **Si el Gobierno renuncia a todos a los impuestos en una comunidad autónoma, renuncia también a una fuente de ingresos para reducir desigualdades** y permite que una parte de los ciudadanos deje de contribuir en igualdad de condiciones a sostener servicios públicos del Estado, incluidos los que ayudan a redistribuir la renta personal.

Esta ruptura de los principios de equidad y solidaridad cuenta con la permisividad del Partido Socialista y, como representantes públicos, no debemos renunciar a defender la igualdad de todos los españoles. Un Gobierno no puede disponer de los derechos de los españoles a su antojo ni convertir a nuestro país en un mosaico de intereses contrapuestos donde nuestra diversidad y nuestra organización territorial se usen para enfrentar a ciudadanos libres e iguales en derechos.

Los problemas institucionales, sociales y económicos que esta decisión genera van más allá de la situación actual y del legítimo debate sobre los modelos de financiación. Es un grave error político y moral dinamitar nuestro modelo de convivencia y replantear por completo el sistema de financiación autonómica —tema que el Gobierno ha ignorado durante años, junto con la revisión de la financiación local— únicamente por asegurar una investidura.

No debemos aceptar la adopción del lenguaje independentista que equipara a Cataluña con los partidos separatistas. Esta visión no solo distorsiona la realidad, sino que **tampoco esta propuesta beneficiaría a los propios ciudadanos catalanes**. El objetivo final del independentismo es hacerse con el control financiero, la llamada "llave de la caja", para seguir impulsando el desafío del *procés* mediante nuevos mecanismos, lo que no haría más que profundizar en la decadencia política y social que afecta a la región.

Así lo han declarado los únicos verdaderos agraciados del acuerdo, los políticos separatistas, para los que la independencia fiscal es el paso previo a culminar la declaración de independencia total que iniciaron en 2017. Ellos, habiendo constatado que es imposible lograr la independencia sacando a Cataluña del Estado, ahora pretenden obtenerla sacando al Estado de Cataluña, una tarea en la que han encontrado como aliado al actual presidente del Gobierno.

Lo inaudito es que el PSOE haya decidido no solo colaborar con este propósito, sino erigirse en su máximo artífice y defensor, desprotegiendo a la Nación de forma tan irresponsable cuando las fuerzas independentistas reconocen abiertamente que el fin último de los recursos económicos adicionales que pretenden agenciarse a costa de los demás no es fortalecer el bienestar de nadie, sino una estructura administrativa que les permita repetir el golpe de 2017 con mayores garantías. No se trata de una mejor financiación de los servicios públicos, ni tan siquiera en una

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



Comunidad Autónoma. Se trata de financiar, con los recursos de todos, un propósito ideológico excluyente.

Pero, por encima de todo, **esta concesión dinamita el sistema de derechos y deberes que nos dimos en la Constitución de 1978** y sobre el que hemos cimentado un Estado social y democrático de derecho, así como una sociedad basada en la igualdad y solidaridad en términos económicos, sociales y de convivencia. La única forma de garantizar el privilegio fiscal al independentismo es perjudicando al conjunto de españoles, singularmente a aquellos que más necesitan de las políticas públicas como elemento de cohesión e igualdad social. Esto constituye una flagrante ruptura de la solidaridad.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Monfero presenta la siguiente moción para instar al Gobierno de España a:

1. Defender la igualdad y la solidaridad como principios irrenunciables del ordenamiento constitucional y del Estado autonómico en la toma de decisiones.
2. Paralizar cualquier avance hacia la independencia fiscal solicitada por el separatismo y exigir garantías de que ninguna comunidad del actual sistema de régimen común sale del mismo ni se fragmente la Agencia Tributaria.
3. Convocar de manera urgente la Conferencia de Presidentes Autonómicos, con el objetivo de recuperar las mínimas bases del consenso y abordar conjuntamente, y desde la multilateralidad, la renovación del actual sistema de financiación autonómico. Este modelo debe ser acordado en el Consejo de Política Fiscal y Financiera (CPFF) y que la AIREF participe del análisis de la propuesta del Gobierno.
4. Garantizar que la multilateralidad y transparencia sean los principios sobre los que se fundamentará el proceso de estudio, trabajo y aprobación del nuevo sistema de financiación autonómica; abandonando la bilateralidad con las CCAA.
5. Convocar de manera urgente el Consejo de Política Fiscal y Financiera y la Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) para promover una reforma del sistema de financiación local conjuntamente con la financiación autonómica. En ambos casos, se debe atender a todas las variables existentes en cada territorio que garanticen la suficiencia financiera autonómica y la prestación de servicios en igualdad de condiciones.

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)



6. Basar la reforma del sistema de financiación en el análisis de datos, trabajando en la cuantificación del futuro gasto en sanidad y políticas sociales derivados del envejecimiento que según los estudios oficiales se va a producir en nuestro país en los próximos años, y en el incremento exponencial del coste de los servicios públicos
7. Respeto a la autonomía fiscal de las CC.AA. y a todas las competencias autonómicas y locales recogidas en la Constitución y en los diferentes estatutos de autonomía.
8. Ampliar el montante económico total del sistema de financiación autonómica y, en paralelo a la reforma del mismo, crear un Fondo Transitorio para paliar la infrafinanciación que padecen todas las CC.AA. y ciudades autónomas.
9. Garantizar la cogobernanza de los Fondos Next Generation y futuras inyecciones económicas de la UE.
10. Facilitar a las CC.AA. disponer de los 18.000 millones de euros de fondos europeos Next Generation que el Gobierno no ha ejecutado, con el fin de evitar la devolución de los mismos a la UE.
11. Dar traslado de estos acuerdos a la Presidencia del Gobierno, a la Vicepresidencia Primera y Ministerio de Hacienda, al Ministerio de Política Territorial y Memoria Democrática, a los portavoces parlamentarios en el Congreso de los Diputados y el Senado y a la Junta de Gobierno de la F.E.M.P.





# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai intervencións.

Intervén o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, quen manifesta que vai votar en contra, que cre que acaban de reunirse e que o Presidente da Xunta non trouxo nada en concreto e se a financiación vai seguir o mesmo non lle ten moita lóxica, que onte reuniuse (...) Vázquez e trouxo dúas competencias novas.

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde en funcións anuncia que se vai proceder á votación. Vótase. O resultado é o seguinte: 4 votos a favor (PP), 4 votos en contra (PSOE e BNG) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate, procedese a votar novamente, co mesmo resultado. Deseguido o Sr. Alcalde en funcións proclama que queda rexeitada co voto de calidade do Alcalde.

## 10.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES DE XULLO E AGOSTO ÚLTIMOS

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que teñen todos o listado das resolucións. Pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e declara que o pleno queda enterado.

O extracto das resolucións da Alcaldía dos meses de Xullo e Agosto de 2024, transcríbese literalmente deseguido:

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00208/202	ASISTENCIA TÉCNICA E URBANÍSTICA	01-07-2024 11:35
00209/202	ADXUDICACIÓN LOTES 1 E 3- CONTROL DE CALIDADE EXTERNO OBRAS 2024	01-07-2024 11:36
00210/202	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (25/2024)	03-07-2024 14:44
00211/202	NOMEAMENTO AUXILIAR ADMINISTRATIVO POS+ Adicional 1/2024	02-07-2024 14:44
00212/202	NOMEAMENTO LIMPADORA SUBSTITUCIÓN	03-07-2024 13:34
00213/202	MOVEMENTO POBOACIONAL 2ºT/2024	03-07-2024 14:21
00214/202	RELACIÓN FACTURAS 035DRRSE/2024	04-07-2024 09:59
00215/202	MODELO 111 2ºT/2024	08-07-2024 10:45
00216/202	RELACIÓN FACTURAS 036DOISE/2024	08-07-2024 10:47
00217/202	RELACIÓN FACTURAS 038DOISUFE/2024	08-07-2024 14:29
00218/202	APROBACIÓN DESFRUTE PERIODO VACACIONAL FUNCIONARIA	08-07-2024 14:30
00219/202	RELACIÓN FACTURAS 039DRRSU/2024	08-07-2024 14:31
00220/202	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (26/2024)	08-07-2024 15:14
00221/202	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL 2024	10-07-2024 14:28
00222/202	7ª ACT. LISTA AGARDA SERVIZO AF, MODALIDADE LIBRE	09-07-2024 18:46
		11-07-2024 13:56

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

CONCORRENCIA XULLO 2024		
00223/202	4ª ACT. ACTUALIZACIÓN LISTA AGARDA SERVIZO PRÉSTAMO AXUDAS MOBILIDADE	11-07-2024 15:10
00224/202	INCREMENTO E ALTA DO SAF MODALIDADE DEPENDENCIA. XULLO 2024	11-07-2024 15:30
00225/202	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA 19-07-2024 (08/2024)	15-07-2024 13:50
00226/202	ALTAS E 8ª ACTUALIZACIÓN LISTA AGARDA SAF LIBRE CONCORRENCIA	16-07-2024 12:06
00227/202	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 17-07-2024 (27/2024)	16-07-2024 14:30
00228/202	SOLICITUDE DE BAIXA POR INSCRICIÓN INDEBIDA PADRÓN HABITANTES	16-07-2024 14:30
00229/202	ACTUALIZACIÓN BOLSA DE EMPREGO AUXILIAR ADMINISTRATIVO (4º MODIF)	17-07-2024 14:30
00230/202	RELACIÓN FACTURAS 042DRRSE/2024 CON AD	17-07-2024 14:30
00231/202	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	17-07-2024 21:15
00232/202	Contrato Menor.- SERVIZO DE LACERÍA	18-07-2024 11:59
00233/202	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	18-07-2024 14:43
00234/202	ASISTENCIA S TRIBUNAL BOLSA EMPREGO SOCORRISTA ACUÁTICO	18-07-2024 18:50
00235/202	5ª ACTUALIZACIÓN LISTA AGARDA SERVIZO PRÉSTAMO AXUDAS MOBILIDADE	19-07-2024 11:43
00236/202	RELACIÓN FACTURAS 041DOK/2024	22-07-2024 13:30
00237/202	CONVOCATORIA XGL 24/07/2024	23-07-2024 14:27
00238/202	SOLICITUDE DE PERMISOS E LICENZAS DE PERSONAL	26-07-2024 11:39
00239/202	ASISTENCIAS ÓRGANOS COLEXIADOS	29-07-2024 13:06
00240/202	EMENDA ERRO DECRETO 239/2024	29-07-2024 14:43
00241/202	NÓMINA 07/2024	29-07-2024 14:42
00242/202	SOLICITUDE PERMISO 1º E 2º DÍA DE ASUNTOS PROPIOS	31-07-2024 14:51
00243/202	SOLICITUDE 1º DÍA ASUNTOS PARTICULARES	31-07-2024 15:01
00244/202	ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONTRATACIÓN SOCORRISTA XUNTA 2024	01-08-2024 10:17
00245/202	SOLICITUDE DE PERMISOS E LICENZAS DE PERSONAL	01-08-2024 13:01
00246/202	SOLICITUDE PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	01-08-2024 14:35
00247/202	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAÚDE	02-08-2024 12:00
00248/202	ADXUDICACIÓN LOTE 2	05-08-2024 12:59

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

00249/202	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAÚDO Obras POS+Adicional 2b/2023	05-08-2024 13:03
00250/202	CONTRATACIÓN DE SUMINISTROS -ADQUISICIÓN DE COLECTORES LIXO	06-08-2024 12:02
00251/202	SOLICITUDE DE BAIXA POR INSCRICIÓN INDEBIDA PADRÓN HABITANTES	08-08-2024 12:06
00252/202	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES LIMPADORA	14-08-2024 13:51
00253/202	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES TRACTORISTA	14-08-2024 13:51
00254/202	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES PEÓN	14-08-2024 13:51
00255/202	DELEGACIÓN FUNCIONS ALCALDÍA	14-08-2024 13:50
00256/202	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	14-08-2024 14:26
00257/202	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	19-08-2024 14:25
00258/202	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	21-08-2024 10:56
00259/202	CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS 28-085-2024 (2/2024)	22-08-2024 12:25
00260/202	NÓMINA 08/2024	27-08-2024 12:34
00261/202	CONCESIÓN AXUDA TÉCNICA S.P., M.D.C	27-08-2024 12:37
00262/202	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 28-08-2024 (29/2024)	27-08-2024 14:26
00263/202	RELACIÓN FACTURAS 045DOISUFE/2024	28-08-2024 11:42
00264/202	RELACIÓN FACTURAS 046DRRSU/2024	28-08-2024 12:33
00265/202	RELACIÓN DE FACTURAS 049DOK/2024	28-08-2024 12:33

## 11.- ASUNTOS URGENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que entende que non se produciu ningún asunto urgente e da paso ao punto seguinte.

## 12.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Intervén a Voceira do Grupo Popular, D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Belén Salido Maroño, quen manifesta que o seu grupo ten un rogo ao grupo do goberno que consiste en que, cando unha familia ven ao Concello a pedir axuda, cre que o mínimo que se pode facer é intentar axudar sexa o problema que sexa e máis cando se trata dunha persoa encamada, que ante esta situación deberíamos de ter todos un pouco de corazón e intentar axudar o antes posible a esa familia. Que cre que xa saben todos os que están no pleno o que conleva ter unha persoa encamada e máis cando a familia está traballando ou non pode atendela como debería. Que o que queren pedir na sesión plenaria é que... dun día para outro unha persoa pode quedar nunha cama, a dependencia non ven cando se

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

necesita como xa saben, hai uns prazos unhas cousas que cumprir, e que o que piden é, como sucede noutros concellos, que se presta a axuda aínda que non haxa a dependencia nin se poida dar a libre concorrência, porque nese caso cre que tampouco se podía dar porque hai lista de espera, e entón que o que piden é iso, un pouco de sensibilidade con esta xente, que se ven ao Concello é porque están nunha situación un pouco complicada e queren que se lle bote unha man. Que non vai dicir nomes pero que se imaxina que saben de que caso está falando, unha familia que veu hai poucos días ao Concello, e polo menos darlles unha visita a Traballadora Social á casa, ao domicilio, para ver como é a situación, que aínda que veñan aquí e expoñan o caso non hai como ver a realidade indo a súa propia casa e vendo a situación. Que esperan que este rogo que fan non caia en saco roto, que se lle bote unha man, neste caso a esta familia, pero a calquera outra que pode dun día para outro ter a unha persoa nesa situación, e que se lle bote unha man canto antes, que eles tampouco van pedir tanto, simplemente que axuden no aseo e incluso pois no almorzo, en cousas que son esenciais.

Continúa dicindo que trae outro rogo. Que fai uns meses falaban no pleno dunha taxa en Villafail e ven de camiño o inverno e a taxa segue alí sen mirar e sen facerlle nada e gustaríalles que se pasara por alí e se solucionara o problema antes de que viñera outra vez de novo o inverno.

Fala agora das axudas escolares, di que comezou un novo curso e non se convocaron as axudas escolares, se ben é certo que aínda se acaban de pagar fai pouco tempo as do curso pasado, e sendo este o curso máis caro da historia cre que as familias deberían ter a axuda cando a necesitan, non de alí a nove meses. Pregunta cando ten pensado o goberno convocar as axudas escolares.

Deseguido indica que os veciños de San Bartolomé estiveron reunidos coa Alcaldía polo que lles informaban, que saben que os veciños amañaron a capela, que quedou moi ben a como estaba, que fixeron un traballo espléndido e que hai que recoñecer todas as horas que investiron alí. Que os veciños estiveron reunidos coa Alcaldía para poder ampliar o que é o camiño que vai a capela, que alí a estrada morre no pallar mesmo da casa de Manolo da Fonte e de alí para adiante hai un paso moi estreito para ir á capela e os veciños o que queren é abrir un paso máis grande, para que poida acceder polo menos un coche ata alí cerca. O Sr. Alcalde en funcións preguntalle se a reunión á que se refire foi con el ou con Andrés porque con el estivo un veciño de San Bartolomé sobre unha cousa parecida pero igual non é iso. A Sra. Concelleira respóndelle que con Andrés e engade que os veciños o que queren é retirar para atrás un pallar que hai alí e ampliar o camiño e que estiveron con Andrés e que a Alcaldía se negou rotundamente a axudalos neste tema e que queren que se lles axude, que alí entrará Patrimonio, entrarán moitas cousas, pero que hai moitas maneiras de poder axudalos, pero que entende que non sabe de que vai a cousa polo que lle esta preguntando. O Sr. Alcalde en funcións respóndelle que con el estivo un veciño hai uns quince días e comentoulle algo diso pero que non ten que ver ao cen por cen porque era ampliar o camiño pero cara aos montes, que entende que é ese camiño que da servizo aos montes. Engade a Sra. Concelleira que ían preguntar por que se lles dixo que non, se ben entende que non houbo comunicación no grupo de goberno e que entón o formulan como rogo para que se fale cos veciños e se lles axude no que se poida.

A continuación fala a Sra. Concelleira sobre o camiión do lixo, que saben que está no taller, que saben que botou unha viela fora, pero que o que non saben é o que teñen pensado facer con el e lles gustaría sabelo.

## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Di agora a Sra. Voceira do Grupo Popular que rematou o verán, pechouse a piscina e os cursos de natación que aparecían no programa electoral do PSOE non se levaron a cabo e gustaríalles saber por que.

Despois pregunta como se atopa o PXOM e que avances tivo no 2024, que é unha pregunta que fan en todos os plenos e que seguiran facéndoa porque ven que non teñen resposta.

Pide agora a Sra. Concelleira que o Alcalde en funcións aclare as palabras que dixo no pleno extraordinario o pasado mércores acerca de que o seu grupo (Popular) facía cacerías e fixera unha cacería tanto ao Secretario como ao Conserxe e que diga que motivos ten para acusalos desa forma de facer esas cacerías.

Solicita deseguido que conste en acta que o Grupo Popular no último pleno ordinario, que foi o de xullo, fixo unha serie de preguntas, que a resposta da Alcaldía foi que se lles ía contestar por escrito e que a día de hoxe ditas preguntas non foron contestadas e que queren que conste en acta que non recibiron ningunha resposta a esas preguntas.

Remata a Sra. Voceira do Grupo Popular preguntando que teñen pensado facer para dar servizo as 16 persoas que hai na lista de dependencia. Que hai uns meses vendían que ía mellorar moitísimo o servizo coa nova empresa e que ven que hai 16 persoas en lista de espera, e que somos o Concello que máis lista de espera ten da comarca e esas persoas seguen a día de hoxe esperando poder ter a axuda no fogar, ademais de haber 11 persoas en lista de espera de concorrencia.

Deseguido contesta o Sr. Alcalde en funcións.

Canto ás axudas escolares, que teñen pensado convocalas sempre a principios de ano porque as convocan co orzamento, que son partidarios da facelo así e así seguiran facéndoo, convocarannas a principios de ano.

A segunda pregunta, que a final é un rogo, San Bartolomé, xa quedou aclarada.

Á terceira pregunta, sobre o camión do lixo, que un día de recollida que ían cara a Lagares, á altura de Bouzamaior e Montelongo, parece ser que o motor se rompeu, que soltou unha viela por un lateral. Que teñen o camión a reparar en Automoción Vilar do Colo e, mentres se está a amañar, deixaron un camión, como puideron ver estes días. Que a súa idea e arranxalo, meterlle un motor, máis que nada porque fai pouco tivo un arranxo da caixa de atrás bastante importante e non queren tiralo así á chatarra despois do arranxo que tivo na caixa de atrás.

Sobre os cursos de natación, que quedaron en ofertalos a través do Técnico Deportivo, que lles contestou que polo ano pasado non había moita demanda e que os ofertaría ás persoas e nenos que viñeran á piscina. Que non sabe se levou a cabo algún curso persoal de algún neno individual, que non o preguntou nin lle dixo nada, que ten que preguntarlle. A Sra. Concelleira apunta que eles informáronse e non houbo.

Respecto á pregunta sobre o PXOM, que ten un informe que vai ler que pediu ao equipo redactor neste mes de setembro, ou que se queren lles da unha copia. Os asistentes optan porque se lles dea unha copia, que entregará despois o Sr. Alcalde en funcións, engadindo que calquera dubida que teñan a poden consultar co equipo redactor que para iso está. Que tamén quere dicir que lle gusta e que se alegra de que (a Sra. Concelleira) se preocupe polo PXOM porque no período 2011-2015, que estaba gobernando como Concelleira... Replica a Sra. Concelleira que ela non estivo gobernando, que ela non foi alcaldesa. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicindo que estaba no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

grupo de goberno, que o Alcalde era do seu grupo de goberno, e que cando eles entraron no 2015 leváronse a sorpresa de que a empresa PROES facía máis de dous anos que quería rescindir o contrato. A Sra. Concelleira dille que gracias ao que estaba feito de atrás puideron chegar a onde chegaron. O Sr. Alcalde en funcións replícalle que cun contrato xa feito por Andrés, que en catro anos non se fixo nada. Pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do Grupo Popular, D. José Tojeiro Mosquera, e manifesta que ve que, cando o Sr. Alcalde en funcións se refire a Belén, di que ela estivo no goberno pero que el, fora de Andrés, non ten nada que ver, polo que di está no goberno pero non ten que ver. Contéstalle o Sr. Alcalde en funcións que ela pertenceu ao goberno pero que el non estaba nel. Intervén tamén a Sra. Concelleira e falan os tres a un tempo con constantes interrupcións, resultando inviable plasmalo na acta.

En canto ao punto sexto, a aclaración ás cacerías a funcionarios municipais, que isto foi o que lle viñeron comentando algúns funcionarios, que os andaban como vixiando, como encima deles, que el non o sabe, que o oíu pero que non veu nin vixiar, nin acosar, nin cacería, que foi o que lle comentaron un par de funcionarios. D. José Tojeiro pregunta polo de Baldomero e o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que foi o do ano pasado cando saíu unha noticia polo soldo do Secretario e compartiron a noticia na súa páxina de Facebook. Volven falar as tres mesmas persoas a un tempo sucedéndose as interrupcións e con mutuas e constantes preguntas directas e retóricas. D. José Tojeiro di que non foron eles e a Sra. Concelleira que nunca preguntou polo soldo do Secretario, que non sabe canto cobra nin lle importa e que na súa páxina de Facebook poden compartir o que lles dea a gana que para iso é súa, e que outra cousa e acusar de que andan facendo cacerías, que hai que ter unha cara moi dura para dicir iso e que si eles veñen ao pleno a dicir todo o que lles comentan que non remataría o pleno ata mañá e que se ían poñer colorados. O Sr. Alcalde en funcións di que senón estiveran de acordo non a compartirían e que foi unha expresión, que ao mellor non foi o nome correcto cacería e que non ten ningún problema en retirar a acusación, que quede en acta tamén que retira a acusación, que retira as palabras.

Sobre o punto número sete que xa consta en acta que non se contestaron as preguntas.

Canto ao servizo de axuda a domicilio, que a empresa que se contratou ten dificultades para encontrar xente, que é un problema no que se atopan moitos concellos, que cre que hai nove empregados municipais, que a falta de persoal e o único problema que están tendo que tamén repercute ao Concello, que a ver se hai sorte e a través de empresas e do Inem e de obradoiros se van atopando. A Sra. Voceira do Grupo Popular manifesta que os veciños non teñen culpa diso.

Deseguido intervén o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, quen pregunta se nalgún momento se vai empezar a tratar a lei das plantacións neste Concello.

Despois pregunta que é o que pasa coas sinais dos cruces en San Fiz, se non se poden poñer ben, se non hai traballadores para poñelas, que están case todas tiradas. Engade que en Vilachá non porque directamente non as hai, que é a única parroquia de Monfero que non ten sinais.

Con respecto ao Convento, roga e máis pregunta se teñen pensado facer algo para poder visitalo por dentro.

Remata cunha reflexión sobre o tema que acaban de falar da asistencia a domicilio, que tanto non encontran traballadores eles, nin encontra traballadores José, que non encontra traballadores ninguén, pero sen embargo (ironicamente) os inmigrantes que queden no seu país, que llo di aos dous, os inmigrantes que queden fora, aquí non hai quen traballe pero...

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Deseguido contesta o Sr. Alcalde en funcións.

A primeira pregunta, das plantacións, que xa están notificando ás persoas denunciadas. O Sr. Concelleiro do BNG matiza que non é só polas denuncias, que el ve que hai plantacións nas cunetas. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que iso pasa en todos os concellos. D. Manuel García di que pasa en todos os concellos pero que esta pregunta lla fixo no 2016 a Andrés e lle contestou que denunciara e que el non ten que denunciar que a estrada non é súa que é do Concello, que quen ten que denunciar é o Concello, que como vai denunciar el. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que mirarán de resolver ese tema tamén.

Respecto ao punto número dous das sinais de San Fiz e Vilachá, que para as sinais de San Fiz tiñan pedida unha subvención a Deputación por 60.000€ e que había problemas para acreditar a titularidade dos terreos onde se ían poñer que non sabe se os poderán solucionar ou non, que esperan que si. Que en Vilachá hai falta de sinais tamén, que de feito tanto Taboada como Queixeiro, Vilachá e San Fiz e Santa Xiá teñen moito déficit dunhas sinais novas e moitas teñen xa trinta anos ou corenta, que hai que renovar todo o municipio, menos a parte alta que está bastante ben. Comentan despois o Sr. Alcalde en funcións, D. Manuel García, D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Belén Salido e D. José Tojeiro a necesidade de sinais en Vilachá, tanto dos lugares como de stop e espellos.

Finalmente, o Sr. Alcalde en funcións contesta sobre o tema do Convento que faloron con Turismo da Xunta e agora coa Deputación, que están co plan de sostibilidade de turismo en destino e que a ver se captan fondos europeos para intentar poñer alí como un día e cunha empresa... falar co Arcebispado e coa Xunta que limpen os claustros, e polo menos que ensinaran os claustros que é unha pena que estean pechados ao público. D. Manuel García indica que non ten datos actualizados das visitas do Convento pero que cre que pasaba das 2.000 visitas ao mes. Infórmao o Sr. Alcalde en funcións que veñen sendo ao ano entre 16.000 e 20.000, que depende do ano. Di entón o Sr. Concelleiro do BNG que se se cobrara un euro por cada visita, ao mes se lle pagaba a calquera que estivera alí, ademais de promocionalo, que aquí as promocións brillan pola súa ausencia. Indica o Sr. Alcalde en funcións que efectivamente sería sostible.

Non se producen máis intervencións e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezanove horas e corenta e catro minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor